



**Expediente núm. 2022/E001/000013
2023/G003/000159**

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

1. Mediante o Decreto núm. 1434/2022, do 28 de outubro, desta Concellaría-Delegada, acordouse convocar o proceso selectivo (concurso-oposición) para a constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo correspondente á categoría de profesor/a do Conservatorio Profesional de Música e aprobar as súas bases reguladoras.
2. A convocatoria e as bases que rexen o procedemento foron publicadas no *Boletín Oficial* da Provincia da Coruña (BOP) núm. 208, do 03/11/2022.
3. O prazo de presentación de solicitudes para concorrer ao proceso selectivo concluíu o 17/11/2022.
4. Mediante o Decreto núm. 1615/2022, do 25 de novembro, desta Concellaría-Delegada, acordouse aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas para participar no proceso selectivo. O prazo para presentar emendas e reclamacións rematou o 13 de decembro de 2022.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 3 das que rexen no procedemento, no que aquí interesa, sinala:

“ 3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

(...)

Transcorrido o prazo de emenda de defectos, a concelleira-delegada da Área declarará aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de edictos do concello (taboleiro electrónico: <https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion/>) e na páxina web municipal. Na citada resolución fixarase o lugar, data e hora de realización do exercicio da fase de oposición. Tamén se designará o Tribunal que cualifique o proceso, nos termos especificados na base seguinte.”

E a base núm. 4 trata dos aspectos relativos á designación do tribunal e ao seu funcionamento.

Logo de examinada a documentación achegada polas persoas aspirantes durante o prazo de presentación de emendas e reclamacións, a persoa provisionalmente excluída achegou a documentación requirida para ser admitida. Ademais, das persoas provisionalmente admitidas, todas especificaron a especialidade a que se presentan, e unha aspirante achegou o documento acreditativo de estar en posesión do Celga 4 (ou equivalente).

Detectouse un erro na primeira letra do segundo apelido dunha aspirante, polo que procede a súa corrección de oficio, conforme ao artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Correspóndelle á concelleira-delegada de Recursos Humanos, Industria e Emprego ditar a presente



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

resolución, en virtude das atribucións que lle foron delegadas pola Alcaldía a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019).

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas ou excluídas no proceso selectivo para a constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo correspondente á categoría de profesor/a do Conservatorio Profesional de Música.

a) Persoas aspirantes admitidas:

APELIDOS E NOME	DNI	CELGA 4 (ou equivalente)	ESPECIALIDADE/S ADMITIDA/S A EXAME
Antón Fernández, Samuel Andrés	***1302**	Si	-Violonchelo ⁽¹⁾
Cabezas Brasa, Sara	***6171**	Non	-Violín
Del Río Otero, Alfonso	***3845**	Si	-Vento metal
Del Valle Prieto, Pablo	***5428**	Si	- Percusión
Fandiño Prado, Manuel	***5055**	Si	-Guitarra
Galán Adegá, Jorge	***7616**	Si	-Violín
García Pérez, Javier	***8068**	Non	-Guitarra
González Díaz, Julian	***9109**	Si	-Harmonía e piano complementario
Granja Feal, Noa	***9183**	Si	-Violonchelo
Guerrero Rocha, Amalia	***4362**	Si	-Linguaxe musical
Keilin Keilin, Gregorio	***0285**	Si	-Violonchelo
Keilin Keilin, Mateo Elías	***0285**	Si	-Violonchelo -Piano
Lomba Lomba, Cintia	***1509**	Si	-Clarinete
López Méndez, Xoel Agustín	***0163**	Si	-Clarinete
Méndez Arias, Sara	***7300**	Si	-Saxofón
Naval Chaves, Xiana	***9030**	Si	-Vento metal
Otero López, Aldara	***1975**	Si	-Violín
Pérez Salas, Elena	***3930**	Si	-Piano
Rodríguez Gómez, Olalla	***4360**	Si	-Violonchelo
Sánchez Fernández, Felipe	***3845**	Si	-Guitarra
Suárez Franco, Ana	***3598**	Si	-Saxofón
Teijeiro Galdo, Cristina	***2652**	Si	-Piano
Vázquez Romero, Andrés	***9568**	Si	-Guitarra
Veiga Roca, Daniel	***5378**	Si	-Clarinete

(1) Despois de examinada a documentación, o órgano de selección valorou que a titulación presentada polo aspirante só permite a súa avaliación na especialidade de violonchelo.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

b) Persoas aspirantes excluídas: ningunha.

2. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, de conformidade coas bases da convocatoria, polo que, aínda no caso de se presentaren ao proceso selectivo, e mesmo superalo, se se comproba que non posúen algún dos requisitos decaerán en todos os dereitos que puidesen derivarse da súa participación no procedemento.

3. Designar as seguintes persoas, todas elas persoal funcionario ou laboral fixo de diversas entidades locais, para integrar o órgano de selección (tribunal) na condición que en cada caso se indica:

- Presidencia:

. Titular: Ana Isabel Alonso López, bibliotecaria do Concello das Pontes de García Rodríguez

. Suplente: Julia Guerreiro Rodríguez, técnica de xestión tributaria do Concello das Pontes de García Rodríguez

- Secretaría:

. Titular: Susana Bellas Bermúdez, técnica de cultura do Concello das Pontes de García Rodríguez

. Suplente: Ana María Barba Pazos, técnica de cultura do Concello das Pontes de García Rodríguez

- Vogalías:

1ª):

. Titular: Luis Rodil Fernández, profesor do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro

. Suplente: Antonio José Álvarez Neira, profesor do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro

2ª):

. Titular: Antonio Río Rodríguez, profesor do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro

. Suplente: Juan Carlos García Rega, profesor do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro

3ª):

. Titular: Sonia García Rodríguez, profesora do Conservatorio Profesional de Música do



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

Concello de Viveiro

. Suplente: Beatriz Vale Conesa, profesora do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Viveiro

- Asesora para a proba de galego:

. María Flora Vázquez Alonso, oficial administrativa e de asesoramento lingüístico do Concello das Pontes de García Rodríguez

- Persoal colaborador:

. José Manuel Campello Blanco, director do Conservatorio Profesional de Música das Pontes de García Rodríguez

4. Fixar o lugar, día e hora de constitución do tribunal, así como as datas (en dúas quendas) para a realización do primeiro exercicio dos da fase de oposición, nos seguintes termos:

a) Lugar de constitución do tribunal e de realización do exercicio: Edificio destinado a Conservatorio Profesional de Música, situado na Avda. das Veigas s/n (frente á igrexa do Poboado das Veigas)

b) Día e hora constitución do tribunal: **luns, 23 de xaneiro de 2023, ás 10:00** horas.

c) Días e horas realización do primeiro exercicio (haberá dúas quendas):

- Luns, **23 de xaneiro de 2023, ás 10:30h**, para as persoas aspirantes admitidas nas seguintes especialidades: **violonchelo, violín, piano, percusión e harmonía**.

- Martes, **24 de xaneiro de 2023, ás 10:30h**, para as persoas aspirantes admitidas nas seguintes especialidades: **linguaxe musical, vento-metal, guitarra, clarinete e saxofón**.

d) **Convocar** as persoas integrantes do tribunal para a constitución do dito órgano no lugar, data e hora sinalados.

e) **Convocar** as persoas aspirantes para efectuar o primeiro exercicio no lugar, día e hora indicados.

f) As persoas aspirantes deberán levar o documento de identificación (DNI ou pasaporte) e acudir provistas de tres copias da súa unidade didáctica e dos materiais que necesiten para a exposición. Os instrumentos/materiais solicitados e dispoñibles no Conservatorio para os aspirantes que o especificaron nas súas solicitudes son: marimba (como material de percusión), piano, cadeira de piano, atril, e cadeira. Material non dispoñible: rotafolio.

5. En relación coa crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, o tribunal resérvase a adopción de medidas que se consideren procedentes segundo as disposicións sanitarias vixentes en cada momento e as recomendacións das autoridades competentes na materia.

6. Publicar esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina web municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: Ila

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA)-.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

A concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego

Ana María Pena Purriños